

Programa

I

Suite Cotobade

Rodrigo Romaní e Xaquín Xesteira sobre pezas recolleitas no concello de Cerdedo-Cotobade por María Vidal, Guillermo Ignacio e Xisco Feijoo

I. *Xota de Caroi*

II. *Muiñeira*

III. *Ronda de Barro de Arén*

IV. *Pasodobre de Viascón*

II

Ciclotimias

Quico Comesaña

Xota de Cortellas

Rodrigo Romaní sobre unha colleita de Xisco Feijoo

Maneo de Malpica

Xosé Lois Romero sobre unha peza do arquivo de Cántigas da Terra

Rumbas de Monzo e Vergara

Rodrigo Romaní sobre un tema tradicional dos Vergara de Ferrolterra e unha colleita de Xisco Feijoo

O Rillachavos


Xaquín Xesteira

O Mandil

Quico Comesaña

Melchor en Cumieira

Iván Costa e Rodrigo Romaní sobre unha colleita da ACF O Fiadeiro



Letras Galegas

2019

Antonio Fraguas



Concerto das Letras Galegas

2019

Antonio Fraguas



Orquestra SonDeSeu O Fiadeiro

Rodrigo Romaní
Director

Auditorio de Galicia
Santiago de Compostela

Xoves, 16 de maio de 2019
20:30 h



Concerto das Letras Galegas

2019

Antonio Fraguas

Hoxe é un día de festa, véspera do día grande da cultura de Galicia. Grazas por aceptaren o noso convite ao Concerto das Letras Galegas, unha iniciativa que botamos a andar en 2011 en San Domingos de Bonaval, ao pé do Panteón de Galicia, para logo viaxar por todo o país acompañando a personalidade homenaxeada por un dos lugares que marcaron a súa biografía. Os actos centrais do día 17 de maio celebráronse en Cotobade, lembrando que foi na Insuela, freguesía de Loureiro, onde veu ao mundo como galego Antonio Fraguas (1905); este da véspera celébrase en Santiago de Compostela, cidade onde percorreu a maior parte da súa longa vida, onde desenvolveu unha ampla e intensa actividade docente e cultural, onde faleceu querido e honrado polos seus conveciños e repousan para sempre os seus restos.

Nesta ocasión, tendo en conta a personalidade do homenaxeado e a súa vocación de defensor, compilador e difusor da cultura tradicional, o Consello da Cultura Galega encargou o concerto á orquestra folk SonDeSeu. O seu labor de etnógrafo ten un papel moi significativo na configuración do programa que lles imos ofrecer, pois o argumento principal consiste na recreación da música popular, entendendo por tal un proceso de construción musical nova a partir de elementos primordiais da tradición oral, procedentes tanto de recolleitas de campo —algúns delas realizadas por mestres da propia orquestra—, coma de arquivos privados e compilacións xa publicadas.

O concerto ten asemade o atractivo da estrea dunha obra realizada expresamente para a celebración, a partir de materiais recadados no concello de Cerdedo-Cotobade por Xisco Feijoo, María Vidal e Guillermo Ignacio, xunto coa evocación dun tema clásico do extensísimo repertorio gaitístico galego, o pasodobre de Viascón, gravado en 1980 por outro ilustre persoeiro desa freguesía, Ricardo Portela. A *Suite Cotobade*, composta polos mestres da orquestra Xaquín Xesteira e Rodrigo Romaní, está dividida en catro partes que se interpretan sen interrupción; ten unha duración aproximada de quince minutos e a súa estrea ocupa a primeira parte do programa.

Orquestra SonDeSeu

SonDeSeu foi creada en 2001 polos mestres que desempeñaban o seu labor no daquela denominado Conservatorio de Música Tradicional da Universidade Popular de Vigo, unha escola pública municipal especializada na impartición de diversas disciplinas relacionadas coa música de tradición oral, contemplada por vez primeira dende unha perspectiva unitaria. A escola denomínase a partir de 2008 Escola Municipal de Música Folk e Tradicional (E-Trad). SonDeSeu continúa ligada a ela como un programa específico de práctica escénica grupal.

O repertorio nótrese da creación dos mestres da E-Trad, Anxo Pintos, Alfonso Franco, Xosé Liz e Xaquín Xesteira, todos eles prestixiosos artistas con longa experiencia no ensino e na interpretación, tanto do repertorio do folk galego coma dos cantos e músicas da tradición máis enxebre, dirixidos por Rodrigo Romaní. Recentemente outros compositores galegos como Quico Comesaña, Xosé Lois Romero ou Pedro Lamas teñen realizado obras especificamente para a formación.

Dende a súa creación a orquestra estendeu a súa actividade concertística a toda Galicia, España, Portugal, Francia, Irlanda, Reino Unido, Finlandia e Italia. En 2008, en representación do concello de Vigo, liderou o proxecto Rede Europea de Orquestras Folk (ÉNFO); pola súa novidade concitou o interese europeo e foi a orixe de formacións semellantes en Finlandia, Escocia e Italia. Ten publicados cinco traballos discográficos e foi distinguida con diferentes premios e nominacións; ademais protagonizou diversos concertos especiais como Cies Patrimonio da Humanidade e o Especial Letras Galegas da Televisión de Galicia en 2016 —ambos no auditorio Mar de Vigo—, ou o recente concerto de apertura Shine of Times no Festival Internacional Celtic Connections, no Royal Concert Hall de Glasgow.

Son os seus compoñentes actuais:

ARPAS

Inés Lorenzo / Olalla Vidal / Laura Barreiro / Beatriz Martínez / Nicolás Le Creurer / Leti Pais

CONTRABAIXOS

Alba Valverde / Ángela Covelo

CANTO

María José Balado / Carme López / Anaís Barbier / Marta Collazo / Ánxela Conde / Ana María Domínguez / Alba Faro / Pilar González / Sara Malvido / Rosa Martínez / María Mercedes Pazos / María Teresa Santamaría / Itziar Solar / Raquel Valcarce

BUZUQUIS

Marta Martínez / Samuel Soto / Diego Langarica

GAITAS

Marina Fernández / José Manuel López / Jesús Muíños / Antonio Prieto / Anxo Pérez / Iván Lobato

PERCUSIÓN

Marilú Campos / Javier Figueroa / Eva González / Anxo Pardo / David Vicente

REQUINTAS

Pilar Vieira / Juan Carlos Crespo / Jaime Rebollo / Beatriz Rodríguez

VIOLÍNS

Marina Carpena / María Jorge / Nuria Méndez / María Pérez / Begoña Riobó / Felipe Rodicio / Francisco Táboas / José Ángel Varela / Rosa Míguez / Elena Fernández / Isaura Framil

ZANFONAS

Liliana Carro / Iván Costa / Sandra Fernández / Teresa Gómez / Paz Martínez / María Muras / Francisco Antonio Pereiro / José Luis Simal

MESTRES

Rodrigo Romaní (Dirección e seccións de arpa e contrabaixo) / Alfonso Franco (sección de violín) / Anxo Pintos (sección de zanfonas) / Xaquín Xesteira (seccións de gaita e percusión) / Xosé Liz (seccións de requinta e corda pulsada) / Xisco Feijoo (sección de canto)



O Fiadeiro

A ACF O Fiadeiro é unha das agrupacións máis activas de Galicia nos procesos de compilación, traballo de campo, expresión escénica e pedagogía da música e baile da tradición oral. A súa presenza no escenario caracterízase tamén polo particular coidado no vestiario, eido ao que esta agrupación dedica moito do seu labor. Colaboradora habitual de SonDeSeu no apartado da danza, o seu traballo acadou recoñecementos en toda a xeografía galega e española e, na súa xa longa historia, conta con proxección internacional en festivais folclóricos de toda Europa.

Nesta ocasión O Fiadeiro participa dobremente facendo achegas a este concerto non só no baile senón tamén no canto. Así, a súa sección de pandeireiros participa na interpretación da *Suite Cotobade* xunto co resto das seccións de SonDeSeu.

GRUPO DE PANDEIRETEIROS DO FIADEIRO

Diego Cabaleiro / Daniel Crespo / Edu Campos / Luis Mariño / Manuel Rodríguez / Mario Fernández / Raúl Fontelo

GRUPO DE BAILADORES E BAILADORAS

Sergio Martínez / Adrao Casal / Diego Cabaleiro / Roberto Vicente / Carlos Martínez / David Costas / Javi Pose / Hadrián Balado / Sabela Pinal / Noemi Rodríguez / Cris Nogueira / Yanira Amoedo / Tere Balado / Aurora Muíños / Blanca Álvarez / Bea Outeiro / Nati Vázquez / Carla Cecilia Riquelme / Ana Núñez / Jennifer López